


MAIO 2024

# A PEDRADA

REVISTA CULTURAL DO ALUMNADO DO IES PEDRA DA AUGA



**ANDRÉ GÓMEZ SANTOS**

**CDM**

**SADEO**

**ARTEMISIA GENTILESCHI**

**A HISTORIA DO  
FEMINISMO (II-III)**

As novas máis  
interesantes do noso  
instituto

Hóckey Club  
Ponteareas: Lucía,  
Paula e Florencia

Coches eléctricos e  
híbridos: problema o  
solución?

NÚMERO 8



## A PEDRADA

A Pedrada é unha vía de reflexión, unha *pedrada* que mobiliza as nosas consciencias.

Expresión, cultura e información convivirán xuntas neste e nos futuros números.

Porque a arte quita o pó da vida cotiá.

## ÍNDICE

NOVAS NO PEDRA	3
HISTORIA OCULTA	19
DEPORTES	20
AO RITMO DA MÚSICA	25
ENTREVISTAS	29
FEMINISMO	31
CIENCIA VIVA	33
MULLERES SILENCIADAS	35
EXPRESARTE	36
ESPAZO LITERARIO	37
FILOSOFANDO	38
OPINIÓN	41
XOGOS MATEMÁTICOS	43

# NOVAS NO PEDRA

## *Viaxe a Viena-Mauthausen (4º ESO)*

O alumnado de 4º ESO viaxou a Austria o pasado mes de marzo da man dos profesor@s María, Aitor e Carlos, co fin de visitar a antiga capital imperial e o **campo de concentración e exterminio nazi de Mauthausen-Gusen**. Na cidade do Danubio coñeceron o seu centro histórico e, sobre todo, visitaron os palacios e xardíns de Belvedere e Schönbrunn, así como o imprescindible Museo de Historia Natural, un dos máis grandes do mundo.

Así, o alumnado foi quen de admirar unha das pinacotecas máis relevantes de Europa, con obras de Klimt, Schiele ou Monet, e un dos puntos de referencia mundiais na exposición de elementos xeolóxicos, de fauna e do propio ser humano.

Mais a visita a un dos principais campos do terror nazi durante a Segunda Guerra Mundial foi fundamental e imprescindible para que o noso alumnado coñecera de primeira man a barbarie fascista. Cun fin didáctico, así como tamén de homenaxe, realizamos un pequeno documental gravado nas diversas partes de Mauthausen.



## *Viaxe a Roma (2º Bach)*

Entre os días 16 e 21 de marzo, o alumnado de 2º bacharelato realizou unha viaxe cultural a Roma cos profesor@s Carmen, Paula e Xosé Lois.

Alí puidemos apreciar obras de arte da Antiga Roma como o Coliseo, o Panteón, o Teatro Marcelo, o Arco de Tito, o Ara Pacis ou as copias romanas do Discóbolo e do Apoxiomenos gregos; tamén obras do Renacemento, como A Escola de Atenas de Rafael, San Pietro in Montorio de Bramante, e as obras de Miguel Anxo (pinturas da capela Sixtina, esculturas como o Moisés e a Piedade, e a cúpula de San Pedro); e por último, obras do Barroco, como a Praza de San Pedro, o Éxtase de Santa Teresa, ambas de Bernini, a igrexa de San Carlo das Catro Fontes de Borromini, a igrexa de Il Gesù, de Vignola ou a Vocación de San Mateo de Caravaggio, así como a beleza das prazas e fontes como a Praza Navona ou a Fontana de Trevi.

Un programa moi completo que ademais engadiu unha visita ás catacumbas de San Calixto e un concerto de tres tenores na igrexa de San Pablo intramuros.



**NOVAS NO  
PEDRA**

# Viaxe a Londres-París (1º Bach)

Desde o 16 ao 21 de marzo un numeroso grupo de 1º de Bacharelato realizou unha viaxe a Londres e París organizada polos departamentos de Inglés e Francés. Durante estes días, tivemos a oportunidade de coñecer dúas das cidades máis importantes de Europa entrando en contacto con idiomas e culturas moi diferentes.

A viaxe comezou en **Londres**, onde puidemos gozar de visitas a museos como o British Museum, a National Gallery ou o Natural History Museum. Ademais, asistimos ao cambio de garda en Buckingham Palace e tivemos tamén a oportunidade de mergullarmos no ecléctico ambiente de Camden Town. Houbo tamén tempo para pasar por Chinatown, probar comidas exóticas e ver a posta de sol sobre o Támesis no Tower Bridge.



**París** ben vale unha misa, que di o dito popular. E aínda que non asistimos a misas, si que visitamos igrexas en París, cidade á que chegamos atravesando o Eurotúnel en tren. Desde o barroco de Saint-Sulpice ao gótico de Saint-Germain-des-Prés, París abraia a cada paso. Gozamos das vistas da cidade desde o Sacré-Coeur, en Montmartre; camiñamos polo Quartier Latin e vimos a noite chegar desde a Torre Eiffel. Paseamos polas rúas señoriais e abraíámonos con prazas como a Concorde ou Vendôme. O Museo do Louvre foi parada obrigatoria, onde visitamos obras de arte coñecidas internacionalmente.

Foi unha viaxe moi ben aproveitada, coas súas doses xustas de cultura, convivencia e ocio. Sen dúbida, o alumnado participante gardará para sempre un boísimo recordo deste percorrido por Europa.



**NOVAS NO  
PEDRA**

## Viaxe ao Pireneo (3º ESO)



Un ano máis, a **Semana Branca** organizada polo departamento de **Educación Física** do noso centro buscou fomentar un estilo de vida saudable a través da práctica de deportes que non son tan accesibles para o noso alumnado.

Volvemos unha tempada máis a **Astún** para que as mozas e mozos de 3º ESO vivenciaran dous deportes de inverno tan completos como o son o esquí e o snowboard, durante unha semana que, de novo, volveu ser marabillosa.



## Intercentros deportivo

O noso alumnado do Pedra, á volta de **Semana Santa**, participou no **Intercentros**, proxecto deportivo que levamos a cabo varios institutos da comarca. Alí, as alumnas e alumnos dos diversos centros xogaron no certame actual ao voleibol e baloncesto 3x3, mediante un sistema de enfrontamento de todos contra todos co único obxectivo de facer deporte, convivir e pasar unha boa mañá.



# NOVAS NO PEDRA

## *Viaxe a Madrid (2º CM-1º CS Administración)*

O pasado mes de xaneiro o alumnado de 2º de ciclo medio de Xestión Administrativa e de 1º e 2º de ciclo superior en Administración e Finanzas, cos profesores Jorge e Diego, fixeron unha saída didáctica a Madrid preparada polo departamento de Administrativo. Nela puideron visitar o Banco de España, o centro de emprendemento e innovación "La Nave" da Comunidade de Madrid, o Palacio de Cibeles, o Senado, o Museo do Prado e recibir unha charla no Corte Inglés de Callao acerca da estratexia que segue esta coñecida empresa española.

Sen dúbida, unha experiencia moi enriquecedora e que non olvidarán os rapaces e rapazas que tamén puideron gozar de tempo libre para coñecer a cidade madrileña con todo os seus atractivos.



**NOVAS NO  
PEDRA**

## Cidadáns europeos

Un ano máis, dende o IES Pedra da Auga organizamos un intercambio de longa duración, esta vez con dous institutos da vila de Caen en Normandía (Francia), o Lycée Charles de Gaulle e o Collège Lycée Expérimental de Hérouville Saint Clair.


O intercambio consiste nunha inmersión lingüística en Francia por parte do alumnado español, que ten que residir na casa dun/a rapaz/a francés/a coma se fose o seu irmán xemelgo, coa obriga de asistir a clase tódolos días lectivos e realizar as actividades que se lle manden tanto por parte do profesorado francés como polo profesorado español (para non perder o ritmo do curso en España), coa intención de valorar o progreso dese alumnado dende o minuto un ata o final da estada. Co Alumnado francés que vén ao noso centro mantéñense as mesmas normas, e a consigna é que este alumnado non pode ser penalizado no país de orixe polo feito de non estar seguindo o curso de maneira presencial.

As familias téñense que ocupar dos gastos económicos básicos do alumnado acollido, e de pagar o transporte en avión. Ao aeroporto van as familias anfitrionas a recollelos.

Ao remate da viaxe a Francia o alumnado que participou na actividade ten a obriga de facer unha exposición en lingua francesa de 20 minutos da súa experiencia no país veciño diante dos seus compañeiros coa intención de demostrar a evolución experimentada na lingua de estudio.

Esta é unha actividade que vimos realizando dende o ano 2016 e que ten unha boa acollida por toda a comunidade educativa por ser unha actividade que favorece a madurez e a evolución integral de quen a experimenta. Ademais, permítenos interactuar aquí co alumnado francés que nos visita.

Ao noso centro gústalle reinventarse a diario, xa estamos a preparar a seguinte!



**NOVAS NO  
PEDRA**



## O Día do Libro no Pedra



Co gallo da celebración do Día do Libro, o **Equipo de Dinamización e Normalización Lingüística** do noso centro e parte do alumnado de 3º ESO convidou ao poeta ourensán **André Gómez Santos** a desenvolver unha pequena entrevista na nosa **Auga Radio**.

Centrada en aspectos literarias, Mario, Noelia, Antía, Elena e Sophie fixeron boas cuestións nunha charla que rematou coa lectura e recitado dalgúns versos das dúas obras a presentar polo literato.

## Saída a Santiago de Compostela (3º ESO)



O alumnado de 3º ESO visitou o centro histórico de **Santiago de Compostela** o pasado 22 de abril. Alí, coñeceron a catedral, as diversas facultades e bibliotecas, os puntos chave das rúas compostelás e os elementos máis destacados da Alameda.



## Comité LGTBIQ+ Pedra da Auga

O **Comité para a Defensa dos Dereitos do Colectivo LGTBIQ+** do noso instituto, continúa a ofrecer charlas neste trimestre para o alumnado de 3º e 4º ESO, nas que se visibiliza a problemática do noso colectivo coa fin de normalizar a liberdade de todas as persoas para escoller a súa orientación sexual.



# NOVAS NO PEDRA



# Comité de Memoria Histórica Pedra da Auga

## I I CICLO DE CONFERENCIAS SOBRE MEMORIA HISTÓRICA

O CMH Pedra da Auga, seguindo co seu abano de conferencias e actividades, desenvolveu na segunda e na terceira avaliación as derradeiras charlas do ciclo 2023/2024.

No mes de xaneiro, a xornalista e investigadora especializada na Memoria Histórica desde unha ollada feminina, **Montse Fajardo**, volveu ao noso centro após a conferencia impartida o curso pasado. Desta vez, centrou a súa temática nos proxectos de reformistas que se puxeron en marcha na Galiza republicana, así como as consecuencias que tiveron nas persoas participantes no marco da represión franquista.

Posteriormente, o historiador ponteareán, **Francisco Candeira**, presentou os resultados das súas investigacións sobre a situación socioeconómica e política da posguerra na comarca do Condado, afondando, sobre todo, na carestía e na violencia exercida a tódolos niveis pola ditadura.

Finalmente, o día 12 de abril, coincidindo coa nosa celebración polo gallo do día da República, a **Asociación Nacional para a Recuperación da Memoria Histórica**, representados por **Marco González**, vicepresidente, e **Serxio Castro**, arqueólogo, presentáronnos as orixes, os labores e os fins que desenvolve a organización. A loita por evitar o esquecemento das asasinadas mediante a recuperación dos cadáveres destas figuras foi o punto central da súa conferencia.

Amais, desde o comité de memoria impulsamos a visita, por parte do alumnado de 4º ESO, ao **campo de concentración de Mauthausen**. Alí, iniciamos a gravación dun documental didáctico que permitirá aos rapaces e rapazas crear e coñecer de primeira man a política de intolerancia e de exterminio nazi.



# NOVAS NO PEDRA

# Funcións de Alexa na nosa caseta domótica

O Departamento de Electricidade programou no proxecto de innovación de 2020 da caseta, a través dunha App, que o equipo **Alexa** estea en funcionamento de lúns a venres de 11:00 a 12:00, para que o alumnado que queira, durante os recreos, poida interactuar coa vivenda domótica a través de Alexa. Coa táboa de ordes que se adxunta e que está visible na caseta de madeira, pódese actuar acendendo ou apagando luces e/ou persianas individualmente ou en grupo cunha soa orde.

A finalidade é ampliar a visión que o alumnado ten de Alexa, (non só serve para poñer música, preguntarlle o tempo que vai facer, etc., senón que tamén nos permite controlar a nosa vivenda por voz) e coñecer cal é a súa reflexión sobre o tema en cuestión.



## ÓRDENES DE ALEXA

- Alexa funcionará durante el recreo de lunes a viernes
- No se dará una nueva orden a Alexa mientras no haya acabado de ejecutar la anterior

ACTÚAN SOBRE ELEMENTOS INDIVIDUALES			ACTÚAN SOBRE GRUPOS DE ELEMENTOS		
Alexa	enciende	salón cocina baño vestíbulo estudio habitación 1 habitación principal luz techo caseta persiana 1 persiana 2 persiana 3	Alexa	enciende	todas las luces  todas las persianas  todo
	apaga	salón cocina baño vestíbulo estudio habitación 1 habitación principal luz techo caseta persiana 1 persiana 2 persiana 3		apaga	todas las luces  todas las persianas  todo



O alumnado de 1º ESO visitou co profesor Javier as instalacións da caseta domótica e tiveron que facer uns comentarios da experiencia. Parecelles moi divertida e opinan que Alexa é moi útil, especialmente pensando en persoas con mobilidade reducida, como nos din, por exemplo, Alba e Minerva nas notas reproducidas.



# NOVAS NO PEDRA

## FP Innova 1924 na Cidade da Cultura

O alumnado e profesorado do Departamento de Electricidade do noso instituto visitou o pasado 25 de abril a Cidade da Cultura de Santiago de Compostela para acudir a FP Innova 2024.



## Bettina Piñeiro na Aula de Emprendemento



Organizado polo Departamento de Administrativo, o xoves 25 de abril visitou o noso centro Bettina Piñeiro referente do mercado do luxo en España.

Foi responsable de marca en empresas tan prestixiosas como o grupo francés LVMH ou a compañía estadounidense Tiffany & Co, sendo na actualidade responsable de Carolina Herrera no mercado americano.

Bettina recomendou aos mozos e mozas que se relacionen, que viaxen, que lean, que estuden todo e de todo. “Se sabemos vender, sabemos comunicarnos e lograr os nosos propósitos.”

Foi unha charla chea de recomendacións e enerxía.



## Orquestra do Pedra da Auga

Dende o mes de xaneiro, a orquestra continuou a súa andaina con renovado entusiasmo e novas achegas ao repertorio. Proximamente ofreceremos varios concertos nos que amosaremos o traballo realizado nos últimos meses. A orquestra conta con alumnado da ESO, de Bacharelato e da FPB. Sendo os seus integrantes: Víctor Álvarez, Anxo Pérez, Elena Gregores, Sophie Fernández, Leire Agudín, Nelly González, Mario Bugarín, Iván Álvarez, Aarón Garrido, Emma Álvarez, Álex Villar, Nicole Castro, Paula Barreiro, Noel De Lorenzo, Sergio Fernández. E os alumnos do IES Val do Tea: Alejandro Álvarez, Miguel Ángel Arce e Mateo Gil. Grazas ao seu firme compromiso a orquestra é un proxecto feito realidade.



# NOVAS NO PEDRA

## Silencio, cámara, acción!

O mes de decembro o Cine Club Pedra da Auga organizou o I Ciclo de Curtametraxes do IES Pedra da Auga. O alumnado da ESO presentou numerosos vídeos exemplificando unha temática social, pero variada, que foi ben acollida polos seus compañeiros, os cales gozaron do seu visionado.

Precisamente, estes votaron pola curta que máis lles gustou. Así mesmo, un xurado docente decidiu o premio máis técnico.

Parabéns aos gañadores e a tódolos que participaron!

A final de curso celebrarase outro concurso no que participarán as curtas realizadas polo alumnado de Proxecto Competencial Cine de 4º ESO.



## Obradoiro de comic de Xulia Pisón na Augateca

Con ocasión da **Semana do Libro** a **Augateca** organizou un obradoiro de cómic a cargo de **Xulia Pisón**, ilustradora e debuxante galega.

Xulia, que ten publicacións de éxito como a súa serie **Microalgas**, e que recibiu xa varios prestixiosos premios pola súa labor, visitou o noso instituto para impartir o obradoiro de 4 horas ao que tamén asistiu **alumnado convidado do IES do Barral**.

Durante o obradoiro exploramos o deseño de personaxes en banda deseñada, a linguaxe do cómic e o uso da narrativa gráfica como ferramentas de autoexpresión.

Foi ben proveitoso e o alumnado participante aprendeu moito e puxo en práctica diferentes técnicas das que estamos seguro sacarán partido no futuro!



# NOVAS NO PEDRA



## Entroido' 24



Como cada ano, o Pedra gozou do **Entroido** mediante **actividades, bailes e concursos de disfraces e doces** que converteron o centro nunha auténtica festa durante as derradeiras horas da mañá. Alumnado e docentes encheron as aulas de cor e ledicia cos traxes máis chamativos. O xurado tívoo difícil para elixir entre tanta variedade nas modalidades de baile, disfrace e pasteis. Noraboa aos gañadores de cada unha delas: 3º ESO, 1º ESO A e a Mario, Sofía e Carolina, así como a tódolos participantes. Vémonos o próximo ano!



## 3º Premio do Pedra na Feira das Ciencias


Os días 20 e 21 de abril, catro persoas do alumnado de 2º da ESO (**Noemí Martínez, Nayara Martínez, Alba Táboas e Diego Pérez**) xunto á profesora de bioloxía **Marta Álvarez**, asistimos á **Feira das Ciencias na Porta do Sol (Vigo)**. Que presentabamos e como o fixemos?

O noso experimento trataba de demostrar se realmente habería microorganismos en todos lados. En concreto, na nosa contorna escolar, co cal estamos en contacto; o chan, o aire, materiais escolares e incluso as nosas propias mans. Para isto preparamos un medio de cultivo e o vertemos en placas de Petri, todo feito preto dunha chama, para evitar as posibles contaminacións. Utilizáranse 3 placas para cada categoría, dando a un total de 18 placas. Despois as etiquetamos e acto seguido recollimos as mostras empregando discos de algodón, suxeitándoos só pola parte superior. A duración das mostraxes durou 1 minuto en cada caso. Ao rematar este tempo, colocamos o disco no centro da súa placa correspondente, premendo lixeiramente durante uns 30 segundos, retirándoo ao rematar e pechando a placa. Por último, as placas que quedaron restantes as usamos como controis. Unha vez xa feito todo isto, cambiamos a posición das placas diariamente, agás o fin de semana. Coa aparición da primeira colonia, comezamos a contar os próximos 6 días, ata que o crecemento se estabilizou.

Unha vez rematado o experimento tomamos algunhas conclusións como, por exemplo, realmente os microorganismos si están en todos lados, as mans é onde hai un valor máis elevado de colonias, nas baldosas o número é menor, pero hai abundancia de fungos, posiblemente porque os produtos de limpeza non son tan eficaces coas esporas dos fungos como coas bacterias ou outros microorganismos, os valores dos controis e do aire son semellantes, talvez se debe a que as placas estaban contaminadas aínda que se compraron esterilizadas, non esterilizamos ben ou que no momento de preparación dos controis o medio contaminouse ao contacto co aire, etc.

Gustaríanos que o próximo ano se alongara o minuto de ouro e que se falara galego! Parécennos que os únicos que falaron en galego fomos nós.

Gañamos o 3º premio da categoría dos máis cativos. Nesta sección participaban 15 grupos. Recibimos un trofeo e a cada un déronnos unha bolsa cun altofalante, unha cunca, un caderno, un bolígrafo e un USB.





## Acto de repulsa ante a Guerra en Palestina

O pasado 12 de abril, o alumnado e profesorado do IES Pedra da Auga manifestouse en contra da guerra en Palestina, cunha concentración nas pistas exteriores do instituto e a lectura do seguinte **manifesto**:

### ALCEMOS A VOZ, A NOSA VOZ

Irmás, amigos, pais, fillas... Todas iguais, todos feitos dos mesmos materiais. Humanos, seres con sentimento, con capacidade de razoar, de pensar, de querer. Seres que poden sentir mágoa, seres que poden diferenciar entre o mal e o ben, seres con intelixencia. Intelixencia que usan para matar aos seus iguais, a alguén que sente, que pensa, que é como el.



14.500, 14.500 é o número de menores de idade, de nenos e nenas inocentes que levan morto xa por esta cruel guerra. Nenos como calquera de nós, nenas que merecían unha infancia feliz, un fogar agradable e unha boa educación. Nenos que nunca máis poderán sentir a felicidade de correr, de estar cos seus amigos, de vivir. Mentres tanto, os que quedan preguntáranse o porqué de todo, o porqué o seu mellor amigo co que sempre falaba, de súpeto non sae nunca máis a xogar. Persoas que, aínda que non fixesen nada, aínda que nunca tomaron as rendas ou accións no conflito, vense acurralladas como presas nunha franxa. Cordeiros que esperan medorentos e indefensos a que chegue unha axuda ou a ser comidos polo lobo.

Hai tan só 79 anos da Segunda Guerra Mundial. Guerra da cal todos nos arrepiamos ao lembrarmos todas as barrabasadas que se cometeron. Todas, ou a gran maioría de persoas, somos capaces de coincidir en que a masacre que sucedeu nese entón e as torturas practicadas nesa época conduciron ao peor que o ser humano podía cometer. Torturas que agora mesmo se están volvendo realizar contra outras persoas e que moitos, simplemente, dan as costas e ignoran a situación. Así pois, só podemos tentar convencer aos de maior rango, a aqueles “poderosos” mentres alzamos a voz sobre o que é xusto, sobre o que é moral, sobre o que é HUMANO.

A comunidade escolar ten a obriga de actuar fronte á barbarie e actuar como o que somos, parte da sociedade civil, para presionar aos nosos gobernos co fin de pararmos este xenocidio. A LOMLOE, no seu primeiro artigo, afirma como un dos nosos principios “a transmisión e posta en práctica de valores que favorezan a liberdade persoal, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza”.



O silencio, a equidistancia, ignorar o que está a suceder en Gaza é incompatible coa solidariedade, a xustiza e a cidadanía democrática.

Esa mesma lei comprométenos a velar polo cumprimento da Convención sobre os Dereitos das Crianzas adoptada polas Nacións Unidas. Esa mesma convención, no seu artigo 6, afirma que “toda crianza ten o dereito intrínseco á vida”. A vida de todas as crianzas, tamén as palestinas.

Hiba Kamal Abu Nada foi unha poeta, novelista, bioquímica e activista feminista de nacionalidade palestina, nacida na Meca o 24 de xuño de 1991. Morreu o venres 20 de outubro de 2023 á idade de 32 anos na súa casa de Jan Yunis, na franxa de Gaza, por mor dun bombardeo por parte das forzas israelís.

Un día antes de morrer escribiu o seu derradeiro poema:



*A noite na cidade é escura,  
excepto polo brillo dos mísiles;  
silenciosa, excepto polo balbordo do bombardeo; aterradora, excepto pola promesa  
tranquilizadora da oración; negra, excepto pola luz dos mártires.  
Boas noites.*



Con este acto simbólico, queremos mostrar que Gaza somos todas e todos. A súa dor é a nosa, a súa esperanza é o noso compromiso e solidariedade co pobo palestino.

Desde o IES Pedra da Auga denunciámos o xenocidio que se está a cometer contra o pobo palestino. Esiximos un cese inmediato do fogo en Palestina. Esiximos a apertura dos pasos fronteirizos para a libre circulación de axuda humanitaria.


**PAREMOS A GUERRA EN PALESTINA!**

**Beatriz Míguez Hidalgo. 4º ESO B**



**NOVAS NO  
PEDRA**






Comentámosvos as novidades literarias adquiridas pola nosa Biblioteca no que vai de ano. Le e abre os teus horizontes!

### Sombras sobre Shimanami, de Yuhki Kamatani.

Tasuku acaba de mudarse a Onomichi, unha pintoresca cidade preto de Hiroshima. Todo vai ben ata que os seus compañeiros descubren porno gay no seu móbil e comezan a burlarse del. Desesperado, decide suicidarse antes de que o acoso lle faga a vida imposible.

Non obstante, xusto cando está a piques de saltar dun outeiro, observa como unha misteriosa muller salta e desaparece antes de precipitarse polo cantil. O rastro desa presenza fantasmal, que responde ao nome de Nadie, lévao a un lugar concreto chamado El Consultorio. Alí coñecerá a Haruko Daichi, unha moza lesbiana que se trasladou a Onomichi para vivir coa súa parella, así como a outros personaxes cos que Tasuku intúe que ten algo en común. Eles, xunto co enigmático Ninguén, farán pensar se non é preferible vivir desafiando as normas que aceptar unha morte viva.




### El Eternauta, de H.G. Oesterheld

Provincia de Bos Aires, Arxentina, 1957. Mentres xogan ás cartas nunha noite típica de Bos Aires, catro amigos escoitan noticias inquietantes na radio: un ensaio nuclear no Océano Pacífico deixaría no aire material radioactivo que sería arrebatado polo aire cara a América do Sur. Segundos despois, unha nevada fluorescente comeza a caer dentro e arredor da cidade, matando todo o que toca. É este o comezo da anarquía e da violencia ou unha invasión extraterrestre?

NOVAS NO  
PEDRA





## As Novas Literarias



### El Abismo del Olvido, de Paco Roca

El Abismo del Olvido viaxa ao pasado para recuperar a verdadeira historia de Leoncio Badía, un mozo republicano obrigado a traballar como sepultureiro que durante anos deixou en segredo pistas para axudar a localizar e identificar a persoas que foron executadas e enterradas en fosas comúns, e de José Celda, fusilado polo franquismo e soterrado nunha fosa común, un das decenas de miles de españois que foron brutalmente represaliados tras o fin do conflito en España. El Abismo del Olvido segue tamén a historia de Pepica Celda, filla de José, na España actual, no medio do seu propio labirinto, debullando as ruínas dun país obsesionado por descontar a súa memoria.



### Píldoras Azules, de Frederik Peeters

Dotado dunha impecable soltura gráfica e capacidade narrativa, Peeters fala da súa historia con Cati, o VIH, que condicionará a súa relación, e de todas esas emocións contraditorias que el, eles, van ter que superar: compaixón, piedade, pena, culpa, ou un amor puro e inalterable. Máis fresco e positivo que escuro e fatalista, ofrece sen ningún indicio de sensacionalismo nin de victimismo fácil, a posibilidade de achegarse ao día a día da enfermidade, ao tempo que sorprende a madurez dun creador que daquela, á hora de crealo, tiña 27 anos.



# NOVAS NO PEDRA

# HISTORIA OCULTA

## O campo de concentración franquista de San Simón

A ría de Vigo recolle nas súas augas varios arquipélagos compostos por pequenos illotes nos que destaca o de San Simón, composto pola súa illa principal e outros encraves como Santo Antón, San Bartolomé e San Norberto. Administrativamente, pertence á parroquia de Cesantes, adscrita ao Concello de Redondela, e, xeograficamente, localízase no extremo interior da ría viguesa, presidindo a enseada á que dá nome. Unida con Santo Antón por unha ponte, San Simón non supera os 250 metros de ancho e a centena de longo. A pequena illa tivo unha amalgama de funcións no decorrer da historia: mosteiro, lazareto, prisión ou orfanato, foron algunhas delas, até a súa deshabitación actual. Precisamente, a súa etapa como campo de prisioneiros durante a Guerra Civil española (1936–1939), e os anos posteriores, é a que imos expoñer nas nosas follas.




Tralo peche do lazareto en 1927, o estoupido da guerra no verán de 1936, e o triunfo rápido dos sublevados en Galicia, provocaron a reconversión das instalacións da illa como campo de concentración de presos políticos e soldados contrarios aos golpistas e, posteriormente, ao réxime franquista. Nun primeiro intre, a maioría deles procedían de áreas próximas como Vigo, Pontevedra, Vilagarcía de Arousa e mesmo Ourense. Porén, a caída da fronte cantábrica no verán–outono de 1937 levou a que as persoas encarceradas proviñeran de Asturias, León, Santander ou Euskadi até a fin do conflito, onde, no caso de sobrevivir, moitos foron trasladados a outros centros de retención da rede penitenciaria do franquismo.

Clasificada como colonia penal, San Simón, en realidade, foi un campo de concentración que permaneceu en función ata 1943. Construíronse atalaias, melloráronse os muros e os accesos e erixíronse pavillóns de pobre calidade e espazo, onde se amontoaron milleiros de presos nunhas condicións inhumanas. Calcúlase que morreron, ben polas propias condicións de habitabilidade, ben polos asasinatos sumarios, varios centos de presos políticos que a levaron a ser considerada un dos cárceres máis temidos durante o franquismo: só en 1941, morreron 250 persoas en San Simón. As fontes orais falan da excesiva crueldade dos militares, falanxistas ou doutros elementos do réxime, caso dun crego, o pai Nieto, quen coaccionaba e maltratava aos presos a punta de pistola.

Tralo seu peche, a illa quedou abandonada até a súa apertura en 1955 como orfanato para fillos de mariñeiros até 1962, intre no que volveu a se baleirar. As memorias como centro de terror e violencia tamén quedaron no esquecemento até a súa declaración como Centro de Recuperación da Memoria Histórica a comezos deste século, e no 2006 foi escollido pola Consellería de Cultura da Xunta de Galicia como Símbolo da Represión franquista no Ano da Lembranza. Coñecida na actualidade como “A Illa do Pensamento”, preténdese converter a San Simón nun foco de actividade cultural que, por outra banda, non esqueza a barbarie que se cometeu nela.

# DEPORTES



## As deportistas do Pedra (III) :

Neste número entrevistamos a tres alumnas, **Lucía, Paula e Floren**, que chegaron a Pontearreas desde Asturias, Cantabria e Chile, respectivamente, para xogar no **Hockey Club Pontearreas**. Viviron este ano lonxe das súas familias por amor a este deporte ao tempo que seguiron cursando os seus estudos (3ºESO e 2º Bach.) no noso instituto.

### Lucía del Rosario Llaneza González

#### 1) Cando decidiches practicar deporte e por que elixiches o hockey?

La primera vez que probé este deporte fue a los 7 años en un club muy cercano a mi casa. Antes de este había probado otros deportes que me gustaron, pero ninguno me llenó tanto como el hockey.

#### 2) Canto tempo semanal lle dedicas e como o compaxinas coa túa vida escolar?

Entrenamos una hora y media cuatro días a la semana, y también tenemos una hora de gimnasio dos días a la semana. Compaginar con la vida escolar generalmente no es complicado siempre que se lleve un orden y se sea organizado, aunque hay veces que se complica, como los días que tenemos pista y gimnasio, doble sesión de pista o viaje para jugar. Tampoco es lo mismo para un prebenjamín, que entrena un día a la semana y se encuentra en un curso muy fácil, que un infantil que entrena tres y cursa 2º o 3º de la ESO o, como es mi caso y el de Paula, una jugadora de Plata, con cuatro días de pista y dos de gimnasio, más viajes algunas semanas.

#### 3) Quédache tempo para as túas amizades e ocio?

Siempre hay tiempo para las amistades, aunque sea mínimo. Además, dentro del hockey, tanto en mi equipo como en otros, se encuentran muchas de ellas. También es importante juntarse con la gente correcta, ya que no todos entienden el aprecio que se le puede llegar a tener a un deporte o los sacrificios dispuestos a hacer por él.

#### 4) Algunha vez foi tan duro que pensaches en abandonar?

Non contesta.



**5) Tes unha alimentación pautada acorde ao teu deporte, e, en caso afirmativo, é moi estrita?**

La temporada pasada seguía una dieta específica, variando únicamente los fines de semana dependiendo del día que tuviese partido. Esta temporada como lo mismo que la mayoría de mis compañeras, ya que nos preparan la comida.

**6) Cando hai unha lesión, que sentes?**

Nunca he tenido una lesión que me haya impedido jugar por más de una semana, aún así, las veces que me ha pasado se me han hecho eternas. Iba a ver a mis compañeras entrenar y esperaba con impaciencia volver a ponerme los patines.

**7) Que diferenzas salientas entre o deporte afeccionado e o de competición?**

Considero que el deporte de competición es mucho más duro, ya que la dedicación y el tiempo que se emplea es mucho mayor. También cabe resaltar que a nivel psicológico resulta más complicado el competitivo, ya que el aficionado se hace como pasatiempo, por lo que no se tiene que requerir un compromiso en todos los casos.



**8) Na decisión de facer deporte de competición, recibes o apoio familiar?**

Sí, siempre han procurado apoyarme en todo y darme su ayuda. Tomar la decisión de dejarme ir fuera de casa a jugar fue algo que les costó, sobre todo a mi madre, ya que consideraba que era demasiado joven para irme de casa. A mi padre le emocionó la idea de que jugase en Plata, pero también le costó que viniese.

**9) Acadaches algún premio na túa traxectoria?**

Algunos torneos en Asturias.

**10) Hai apoio no sistema educativo ao ámbito competitivo?**

Generalmente los centros educativos suelen dar su apoyo, aunque siempre hay profesores que no comprenden la importancia de practicar un deporte, tanto física como psicológicamente. Es fundamental para la salud de un adolescente, fomenta el trabajo en equipo, la gestión del tiempo y la práctica de las habilidades sociales.

**11) Pódese vivir profesionalmente co teu deporte?**


Llegar a vivir de este deporte es difícil, pero siendo jugadora es casi imposible, por ejemplo, el femenino del Telecable la temporada pasada ganó los cuatro títulos posibles y aún así, la mayoría de las jugadoras estudian o trabajan. Hay clubs que pagan el alojamiento o incluso la comida de sus jugadoras, pero lo que se cobraría en este caso puede que no fuese suficiente para sus necesidades personales.

**12) Se tiveses que volver comezar, elixirías o mesmo deporte?**

Sí.

**13) Que significa o deporte na túa vida, que te achega?**

Es algo fundamental, que la llena y la completa. En este punto no me imagino mi vida sin el hockey, porque ya no es sólo parte de mi vida, también de mí y de mi forma de ser.



## Paula Revuelta Fernández

- 1) Desde muy pequeña, ya que mi familia siempre hacía actividades con nosotras, andar en bicicleta, surf, bailar, patinar... Pero un día un amigo de mi padre me dijo que si quería empezar a jugar a hockey sobre patines, lo probé y me encantó.
- 2) Entreno todos los días a la semana 1 hora y media, pero el calendario está muy bien organizado para que nos de tiempo a hacer todo.
- 3) De pequeña sí, pero desde hace dos años tengo muy poco tiempo para estar con mis amigas ya que dedico muchas horas diarias al hockey, pero bueno, para eso está el verano.
- 4) Sí, El año pasado pero gracias a que mis padres me apoyan en todo seguí adelante.
- 5) No tengo pero si que tengo que tener cuidado de lo que como.
- 6) Mucho dolor pero que hay que seguir adelante para poder llegar a algo profesional.
- 7) El deporte aficionado es cuando jugamos para divertirnos y hacer ejercicio, sin tanta presión por ganar, pero el deporte competitivo es más serio, ya que tu tienes unas metas y quieres llegar a ellas, por ejemplo, las selecciones, europeos mundiales, champions.
- 8) Si, sino no estaría aquí compitiendo en esta liga.
- 9) Si, vario storneos en Asturias, País vasco, Navarra, Cantabria...
- 10) No, lo que pasa que cuando he tenido que faltar a clases y exámenes si que me los han cambiado y no me han dado ningún problema.
- 11) No ya que el hockey no es un deporte tan famoso como el tenis, fútbol, baloncesto... y menos si es deporte femenino ya que recibe menos apoyo aún.
- 12) Si, ya que gracias a este deporte he conocido a mucha gente y cada día me está demostrando que merecela pena seguir jugando al hockey.
- 13) Para mi todo, conozco a gente nueva, conocer sitios, pasar tiempo con la familia...



## Florencia Triviños Balboa



1) Empecé a practicar este deporte hace aproximadamente 6 años, lo elegí porque patino desde los 4 años y en primaria hice un par de años hockey sobre césped, así que pensé en juntar dos de los deportes que más me gustaron y ver qué pasaba.

2) Entrenamos de lunes a viernes, a veces doble turno, y jugamos sábados o domingos. Trato de estudiar antes de entrenar durante la tarde y si no tengo tiempo, hago las tareas o resúmenes en clases o en el recreo.

3) Muy poco la verdad, pero a veces hay que apostar por algunas cosas y renunciar a otras si quiero lograr mi meta.

4) Sí, hubo un año que me llevaba muy mal con el entrenador y me desmotivó mucho, porque no me hacía jugar nunca por mucho que entrenara y me esforzara, pero mi amor por este deporte y el compromiso que tengo lograron que no lo dejara.

5) Sí, actualmente trabajo con un nutricionista a distancia, ya que está en Chile y durante mis visitas a mi país tengo controles. La verdad, gracias a él he logrado tener un plan de nutrición flexible que me ha permitido mejorar mi rendimiento sin restringirme tanto las comidas.

6) Soy una persona a la que no le gusta dejar de entrenar ni jugar, así que trato de descansar lo menos posible, a menos que sea muy grave, pero en general sigo entrenando y jugando con normalidad.

7) El deporte como hobby no te limita a realizar algunas actividades, ya que es simplemente eso, un hobby, donde no buscas una meta, solamente pasártelo bien. Sin embargo, en el deporte competitivo muchas veces te perderás actividades o cumpleaños de la familia o amigos por estar entrenando, o porque tienes partidos, ya que aquí se ven tus prioridades y las ganas que tienes de cumplir tu meta realmente.





8) Sin duda alguna mi familia ha sido mi pilar fundamental siempre. Gracias a su apoyo he logrado muchas cosas que sola sé que no habría podido, o al menos no con la rapidez que lo hice. Me permitieron viajar al otro lado del mundo a los 16 años a cumplir mi sueño, y en todo momento me apoyaron y, aunque sé que me extrañan, siguen cada día dándome fuerzas para que me quedé aquí y construya un futuro mejor.

9) He sido campeona nacional en Chile en distintas categorías, aproximadamente 10 veces.

10) Durante mi último año en Chile, mi colegio fue uno de los grandes apoyos que tuve, ya que me permitieron faltar a clases por los entrenos a cambio de mi compromiso de estudiar; además, me facilitaron el cambio en los exámenes. Durante este año en España se me ha complicado mucho el tratar compaginar los entrenamientos con los estudios, ya que segundo es un curso muy difícil, y el cambio de colegio de un privado a un público lo es aún más, pero siento que algunos profesores sí que me han ayudado, sobre todo cuando necesité cambiar los exámenes, además de que algunos entienden mi situación. Sin embargo, sigue siendo un curso muy complicado, y entrenar tanto hace que tenga que organizarme el doble o incluso el triple ya que las clases y apuntes en gallego me lo complican aún más.

11) No, ya que es un deporte minoritario, y el deporte, sobre todo femenino, recibe aún menos apoyo. Podría vivir un par de años de esto pero en el momento que se acabe mi carrera deportiva ya no podría.

12) Sin duda alguna.

13) Desde pequeña mis padres me han fomentado muchísimo el deporte, ya que mi madre es profesora de educación física y mi padre fue seleccionado nacional (de Chile) de rugby, por lo cual creo que no podría vivir una vida sin deporte en general, y ya que encontré el deporte que más me apasiona, que es el hockey sobre patines, me gustaría dedicarme a esto y a los deportes en general también. El deporte te hace madurar, ser más sociable, tener una vida más sana y, sobre todo, crea un nivel de compromiso distinto al resto de las personas que no practican ningún deporte, y eso se refleja tanto en tu vida escolar como laboral y social.







# AO RITMO DA MÚSICA

## Centro de Música Moderna e de Danza de Ponteareas

O Centro de Música Moderna e de Danza (CDM) de Ponteareas, conta actualmente co departamento de música moderna (jazz, rock, blues, metal, etc.) que imparte as especialidades instrumentais de batería, piano, guitarra e baixo eléctrico, saxofón, canto, sonido e produción musical, e co departamento de danza nas disciplinas de ballet, danza contemporánea e danza moderna.

Créase no ano 1997. No 2003 dous alumnos do centro gañan unha mención especial no concurso de TV para xóvenes talentos Veo Veo. No ano 2009 o CDM é elixido pola prestixiosa institución educativa inglesa Rock School, para ser centro de formación e examinador de Galicia, quen lle brinda o recoñecemento e cualificación de centro avanzado no ano 2014. No 2018, firma un convenio de colaboración coa Escola Superior de Rock de Barcelona, Jam Session.

En todos estes anos de existencia, O CDM axudou a moito alumnado a prepararse para as probas de acceso ao Grao Superior de Música e Danza en centros de prestixio, tanto nacional como internacional. Destacar, entre outros, as Escolas e Conservatorios Superiores das cidades de Barcelona, Málaga, Madrid, Pamplona, Zaragoza, Salamanca, Oviedo e Valencia. Así como das cidades de Lisboa, Amsterdam, A Haia e Boston.



CDM deu dous concertos de jazz no noso instituto os pasados días 11 e 12 de abril, organizado polo Departamento de Música. Puidemos gozar das interpretacións do pianista **Daniel Corral Mouriño** e do saxofonista **Alberto Rodríguez Boente**, así como das leccións do profesor **Juan Carlos Fernández Rodríguez**. Dende A Pedrada desexámoslle a Daniel e Alberto moita sorte na súa traxectoria artística.



## SADEO



Nos últimos anos a nosa música e baile tradicionais están a acadar un importante pulo grazas a grupos como Sadeo, de Pontearreas, que traballan na conservación e difusión do noso patrimonio. Con eles mantivemos a seguinte entrevista.

**- Cando naceu, e cal é o propósito de Sadeo?**

Sadeo naceu coma un grupo de pandeireteiras a comezos de 2013. En 2014 decidimos crear a asociación cultural e, co paso do tempo, a agrupación foi medrando ata que no 2015 ampliamos a formación cun grupo de baile tradicional e un cuarteto de gaitas, agora convertido en charanga. Dende os inicios tratamos de fomentar todo tipo de actividade cultural, con especial interese na creatividade artística e a propagación e coñecemento da historia, o folclore e o patrimonio en xeral. O noso obxectivo sempre foi de dignificar e difundir a nosa cultura, e ser un referente artístico para os diferentes colectivos de baile e música tradicional da nosa comarca.

**- Por que o nome SADEO, que pretendíades ao escollelo?**

É un acrónimo. As compoñentes iniciais, e fundadoras da asociación, viñan de formar parte durante moitos anos nun dos grupos do noso concello: “Os Muiños de Oliveira”. Sadeo é unha pequena homenaxe ó lugar onde se formaron como bailadoras e tocadoras dende a súa infancia.

**- Como foi a vosa traxectoria e con cantos membros conta Sadeo na actualidade?**

As pandeireteiras deciden presentarse a concursos de música tradicional para dar a coñecer o seu novo colectivo e acadan dous premios ese mesmo ano, ao igual que ocorre co grupo de baile a primeira vez que acoden a un certame de baile, gañando o primeiro premio en 2017. Dende entón celebramos un Festival Folclórico anual, para dar a coñecer o noso traballo, no que traemos grupos convidados de diferentes partes do país, o que nos permite a nós tamén visitar lugares coma Aldeanueva de la Vera ou Bohonal de Ibor, en Cáceres; Yecla, en Murcia, ou Adeje, no sur de Tenerife. O grupo, que conta agora con 27 membros, tamén colabora con diversos artistas e grupos coma Pédépõtè, El Gato con Jotas, De perdidas al río, Sondarúa ou Boikot.

**- Neste momento, que novos proxectos estades a desenvolver ?**

Estamos a traballar na nosa propia escola de folclore para formar aos veciños da nosa localidade nas diferentes disciplinas artísticas, pero tamén a de converter a súa práctica en algo próximo, cotiá e habitual, que sexa visto coma un instrumento de ocio completamente actual e vivo, e non coma unha rareza da que goza só unha minoría. Na actualidade ofrecemos clases de canto e pandeireta, e tamén baile tradicional. O vindeiro curso comezaremos coas clases de gaita.



**- Na escolla dos temas para a interpretación nas actuacións rexédesvos por algún criterio ou obxectivo?**

Xente coma Luis Prego, Xisco Feijóo, Leni Pérez, Motse Rivera, Felisa Segade, etc., son algunhas das persoas que percorreron as aldeas do país para recuperar as nosas músicas e bailes, contos ou costumes. Todos eles tiveron a curiosidade de descubrir se había algo máis alá do que marcaban os estándares dos coros e danzas da sección feminina, e atoparon a tradición real, a que pasa de pais a fillos e é rica e diversa. O repertorio de baile e pandeirata que executamos nas nosas actuacións é froito de todo ese traballo de campo, e do levado a cabo pola nosa directora, Nuria Gesteira, ademáis das recollas realizadas polos compañeiros das agrupacións polas que ela pasou dende os anos 90, coma O Fiadeiro ou Traspès, tratando de mostrar así a variedade de ritmos e formas de bailar das distintas zonas de Galicia.

**- No repertorio achegades temas de composición propia ou usades repertorio do cancionero popular?**

Máis que do cancionero popular, recorremos ás fontes orixinais, ás gravacións do material obtido das recollas ou ás e os informantes que aínda están con nós. A maior parte do noso repertorio é puramente froito da tradición oral, pero tamén se inclúe algún tema de gaita con autor coñecido ou incluso algunha composta polo director da nosa charanga, Tomás Alonso.



**- Que vos levou a decantarvos pola música tradicional?**

A maioría de nós comezamos nisto coma unha actividade “extraescolar” á que nos mandaban os nosos pais. A oferta por aquel entón non era tan variada coma agora. A sorte que tivemos algúns de “caer” en colectivos nos que os mestres, que ademais de dar clase vían o folclore coma un xeito de vida, coma algo global, foi o que nos permitiu coñecer tódolos aspectos da nosa cultura: acudir ás fontes orixinais da información, compartir momentos de festa nos seráns e nas recollas e poder tocar e bailar con eles. O intercambio xeracional que se daba nestes ambientes e o agradecidos que estaban de que lles deramos valor ó que eles facían e coñecían fixo que moitos de nós viramos a nosa cultura tradicional dende outra perspectiva, que nos sentimos máis parte dela ca nunca. Máis que unha elección foi unha evolución natural, que é a que tratamos de transmitirle a todo aquel que se achega a Sadeo.

**- Considerades que hai unha débeda cultural e social de respecto e valoración coa nosa música? Hai apoio dende as institucións?**

Aquí mistúranse moitas cuestións, dende o autoconcepto dos galegos historicamente coma cuestións políticas. Toda a vida nos venderon que o de fóra era mellor que o noso e, pola contra, cada vez que asistimos a calquera evento máis alá das nosas fronteiras o público queda sorprendido da nosa riqueza e diversidade cultural. Temos un dos folclores máis ricos de Europa en canto a variedades rítmicas, pasos e estruturas coreográficas, e a vantaxe de que conseguimos conservar moita desa diversidade ata os nosos días.

O folclore era a cultura do pobo, polo que as clases altas “despreciaban” este tipo de manifestacións artísticas, que sempre quedaron relegadas ós terreiros. De feito, segue a haber programadores culturais que ven este tipo de espectáculos, xa sexan puramente tradicionais ou máis vangardistas, pero relacionados co folclore, coma cultura “de segunda”. Isto segue a ser así para as administracións públicas en xeral, salvo contadas excepcións. Recibimos moito menos apoio económico e de infraestruturas que outro tipo de agrupacións artísticas, tendo en conta xa que a cultura en xeral nunca é unha prioridade para o sector político. E a nivel social segue a existir ese complexo de inferioridade polo que, en moitas ocasións, somos nós mesmos os que non reivindicamos o suficiente a importancia e o valor das nosas manifestacións artísticas, sobre todo cando hai colectivos que xa contan cun nivel interpretativo altísimo e conseguen levar a cabo espectáculos de gran calidade, dignos de ser representados nos mellores teatros e auditorios.



**Pensando no futuro, que panorama intuídes para a música tradicional galega e que vos gustaría achegar coa vosa labor en Sadeo?**

Gustaríanos que se deixara de ver a nosa música e o noso baile coma o irmán pobre. Grazas a grupos coma Tanxugueiras, a mocidade está a achegarse ó noso folclore dende outro punto de vista, menos acomplexado, pero elas son o que son polo camiño que antes abriron xente coma Carlos Núñez, Mercedes Peón ou incluso Anxo Lorenzo, grupos coma Leilía e Berrogüetto, grandes descoñecidos para as novas xeracións e que levan cultivado a nosa música, creando vangarda e revolucionando o panorama musical galego dende hai máis de 20 anos. Certo é que as redes sociais facilitaron moito a difusión das novas propostas, pero non podemos esquecer que, para chegar a onde estamos a chegar, moitos tiveron que abrir camiño primeiro. A pretensión que temos dende Sadeo non é outra que a xente se achegue á nosa cultura con agarimo e respecto, que a goce e experimente con ela, que a manteña viva. E se ademais se anima a formar parte da nosa asociación, mellor que mellor!



# ENTREVISTAS

## ANDRÉ GÓMEZ SANTOS

André Gómez Santos vén de publicar dous poemarios, *A cidade gris e a chegada das caléndulas* (2023) e *Aquela noite parecía eterna (a humedén percórreo todo)* (Edrar, 2023), que o vencellan á nova xeración de poetas da Galiza actual e que presentou no noso centro co gallo da celebración do Día do Libro. Historiador, estudante de filoloxía e ligado laboralmente ao mundo dos arquivos e das bibliotecas, este poeta ourensán tamén mergulla dentro do teatro e do xornalismo activista e independente.

- A nivel editorial, a túa traxectoria poética amósase recente, mais realmente, cando comezaches a dar os teus primeiros pasos no mundo da escrita e, máis concretamente, da poesía?

Comecei a escribir estando na universidade, pode que fose no ano 2012, aproximadamente. Empecei a escribir algúns poemas que logo colgaba nun blog, e non sei que foi dese blog. Tiña varias amigas que facían o mesmo nun blog conxunto e foi o que me animou a facelo. Sempre me gustou ler, pero ata que cheguei á universidade non lera demasiada poesía, e os poemas do blog, que era *Nomepordeterminar*, gustáranme moito. Estaba pasando un momento persoal difícil e empecei a escribir porque me axudaba a expresarme.

- Observando a túa formación e o teu labor profesional, preguntámonos se todas esas experiencias e coñecementos marcaron de forma notábel na túa escrita, ben a nivel temático, ben a nivel formal.

Supoño que si, que estudar filoloxía me inflúe a nivel formal, e ter estudado historia quizais me inflúe máis nalgúns temas, pero é difícil de dicir. Creo que o que máis me inflúe é toda a literatura que leo, sobre todo, pero tamén a música que escoito, ás veces polas letras das cancións e outras polas atmosferas que crean as músicas. Estou escoitando moito un grupo inglés que se chama *Porridge Radio*, e unha cantautora australiana que se chama Angie McMahon, e gustaríame facer poemas que se parezan á música que fan, pero é algo complexo trasladar cousas da música á poesía.



**- Da mesma forma, que correntes ou estilos marcaron o teu gusto pola poesía, así como que autoras influen na túa obra? Ademais, dentro de que liña temática enmarcarías a túa produción escrita?**

Pois non teño nin idea de en que temática enmarcaría a miña escrita, pero supoño que se parece en cousas á poesía contemporánea galega. Non sei... se teño que falar de autoras que me marcaren diría cousas moi diversas, como poden ser Virginia Woolf, Albert Camus, Lorca, Lois Pereiro, Xela Arias, María Lado, Estevo Creus... Pero non sei de que maneira iso está na miña obra, se é que está... Creo que cando leo ou escribo non penso demasiado en correntes ou estilos.

**- Crítico co mundo contemporáneo, as túas obras semellan ofrecer unha visión voraz da sociedade. Os teus versos, pois, buscan concienciar aos lectores dos problemas actuais co fin de atopar novas formas de vida?**


Non sei que buscan, ademais de expresar os meus propios sentimentos. Supoño que si que poderían facer reflexionar sobre estes temas ás persoas que se acheguen a eles. Eu inclúoos porque son temas que me preocupan, e si que me parece interesante a idea da arte como unha vía para explorar novos camiños e xeitos de pensar que igual se presentan máis difíciles desde linguaxes convencionais.

**- Trala publicación das devanditas obras, actualmente atópaste inserido nalgún proceso creativo que poida ver a luz cedo?**

Actualmente, estou traballando a media xornada; entre iso, as aulas de filoloxía, o teatro e as miñas colaboracións co xornalismo, resúltame difícil quitar tempo para escribir. Si que se me están ocorrendo cousas, que vou apuntando nas notas do móbil ou nunha libreta, e teño varios poemas soltos; espero ter tempo de xuntalos e darlle forma cando teña días libres no traballo ou cando acaben as aulas na universidade.

**- Para rematar, amais de agradecer a túa presenza entre nós, gustaríanos que nos deras algúns consellos para todas aquelas rapazas e rapaces que queiran iniciar o seu camiño na poesía.**

Grazas a vós por convidarme. Pois a todas as rapazas e rapaces que queiran comezar coa poesía diríalles que só hai que poñerse a escribir. Ao mellor ao principio resulta máis difícil; os meus primeiros poemas eran moi malos, seguro que os seus son mellores. Pero escribindo é como se mellora e como se van desenvolvendo máis ideas. Tamén é importante ler, porque é onde aprendes un pouco como funciona a literatura. Pero calquera cousa pode inspirarte a escribir, pode ser a música como dixeran antes, a natureza tamén é unha parte importante dos meus poemas. Depende das cousas que sexan importantes para a persoa que escribe, pero só é deixarse levar e experimentar, e o resultado adoita ser moi gratificante. Por outra parte, ás veces tamén é frustrante cando intentas escribir e non sae nada, pero é cuestión de darlle tempo e que saia cando ten que saír... A poesía non se pode facer con prisa.





# F E M I N I S M O

## Historia do feminismo (II-III)

### A segunda vaga do feminismo: a radicalización e os dereitos sexuais e reprodutivos

Despois de conseguir o dereito ao voto na maioría dos países occidentais, o *Novo Feminismo* xurdiu a finais dos anos 60 en Europa e nos Estados Unidos, vinculado a movementos contraculturais e de dereitos civís. Se distinguiron tres correntes principais do feminismo nesta época: o feminismo liberal, radical e socialista, que tiñan unha idea propia sobre as causas da opresión da muller e obxectivos diferentes. Figuras como Gloria Steinem, Angela Davis e Dolores Huerta foron representativas do movemento. Aínda que recoñeceron os avances da primeira etapa feminista, o Novo Feminismo co lema **o persoal é político**, decidiu ir máis alá da igualdade legal e política enfocándose en ámbitos mais persoais como a familia ou a sexualidade, onde o dominio do home sobre a muller estaba presente. As principais protestas desta onda céntranse na loita pola igualdade total e os dereitos sexuais e reprodutivos da muller, ademais da falta de recoñecemento do traballo doméstico e os estereotipos sexistas.

Simone de Beauvoir, na súa obra *O segundo sexo* (1949), critica o "eterno feminino" que está baseado en antigos estereotipos sexistas, e é considerada unha impulsora do Novo Feminismo, ao igual que Betty Friedan, autora de *A mística da feminidade* (1963). Outras obras esenciais desta época son *A política sexual* (1969) de Kate Millett e *A dialéctica do sexo* (1979) de Shulamith Firestone, que definiu conceptos fundamentais para o movemento feminista como **patriarcado** ou **xénero**.





### Terceira vaga: a interseccionalidade

O feminismo, tras situar a emancipación da muller na axenda pública dende mediados dos anos 70, perdeu o seu potencial mobilizador na década dos 80 e comezou a debilitarse. Institucionalizouse coa aparición das ONG e a participación de feministas nos gobernos e diversas organizacións internacionais, pero a diversidade deu paso a unha crise e grandes discusións. Foi un período de pouca actividade na loita polos cambios sociais e fragmentación por falta de paradigmas, e o feminismo incorporou ideas postestruturalistas e posmodernas para poder entender mellor a sociedade e como afecta á muller. Nos anos 90, o movemento intensificouse dando lugar á terceira vaga. Este termo escoitouse por primeira vez pola activista política e escritora Rebecca Walker, quen declarou "Non son unha posfeminista, son a terceira vaga" na súa obra *Becoming the Third Wave* (1992).

A orixe desta nova onda de reivindicacións comezou en 1992 nos Estados Unidos, aínda que as mulleres latinoamericanas xa comezaran a coordinar un movemento que abordaba as súas características particulares. O movemento adquiriu unha postura individualista e centrouse na diversidade que existe entre as mulleres, abordando temas como a clase, a cultura, a raza, a etnia ou a referencia sexual. Tamén xurdiron outras correntes e teorías feministas, como o feminismo negro, o transfeminismo, o feminismo prosexo, o feminismo posmoderno e o ecofeminismo, ademais do concepto de interseccionalidade para referirse ás múltiples desigualdades que afectan as mulleres.




### E, agora, estamos na cuarta vaga?

Nos últimos anos fálase da existencia ou non dunha cuarta onda de feminismo. Algunhas persoas din que comezou a principios dos anos 2000 e outras din que en 2008. Porén, as teorías máis habituais sinalan que comezou no ano 2017 co movemento **#MeToo** e o 8 de marzo de 2018, destacando o caso español. Esta nova vaga céntrase na loita contra as formas de violencia contra as mulleres, como a violencia sexual e a prostitución, tras lograr varios dos obxectivos das etapas anteriores. Actualmente, o movemento céntrase en temas como o acoso sexual, a cultura da violación, o *bodyshaming* e os estándares da beleza física, facendo que as reivindicacións do movemento pasen de considerarse problemas persoais a converterse en problemas públicos.

O movemento recorrerá a batucadas e *performances* nas súas protestas e organízanse redes horizontais e asamblearias en distintos lugares, conectando entre si. Así, Internet e as redes sociais convertéronse nunha plataforma de difusión e impulsión das loitas feministas actuais.



# CIENCIA VIVA



## COCHES ELÉCTRICOS E HÍBRIDOS: PROBLEMA O SOLUCIÓN?

Hoy en día existen una gran variedad de “mezclas” motores; el más conocido consta de un motor de combustión interna y otro eléctrico, híbrido. Comenzando por los motores, desde el inicio, nos encontramos con los motores de gasolina y, seguidamente, los diésel. Debido a la gran cantidad de contaminación que emiten estos vehículos por las vías de escape, se crearon los eléctricos e híbridos que se pueden dividir en:


- **Eléctrico:** Son vehículos 100% eléctricos y se mueven gracias a sus motores eléctricos alimentados por su batería; esta, pues, se debe cargar. Como ejemplos más conocidos son los vehículos de la marca Tesla.
- **Eléctrico con autonomía restringida:** El motor principal es el eléctrico y tiene un segundo motor a gasolina que funciona como generador, pero no generaría tracción en las ruedas. Ejemplos podrían ser el modelo i3 de BMW y el Ampera de Opel.
- **Eléctrico con pila de hidrógeno:** Estos vehículos emplean gas hidrógeno que se procesa para producir electricidad a demanda. Un inconveniente a tener en cuenta es que la obtención del gas es un proceso un tanto complicado, ya que no se encuentra en la atmósfera separado, sino que mezclado con otros gases; por tanto, para su obtención, principalmente se utilizaba el proceso de electrólisis. Ejemplos: Toyota Mirai, Hyundai Nexa, etc.
- **Híbrido enchufable:** Es la suma de un motor de combustión con uno eléctrico y pueden mover el vehículo independientemente o en conjunto. La elección de los motores lo puede hacer el conductor, incluso combinar el funcionamiento de ambos. El mayor inconveniente es tener que cargar la batería cada vez que se termina la carga de ésta. El Mitsubishi Burlander Fest o el BMW i8 son los casos más destacados.
- **Híbrido no enchufable:** Consta de dos motores, uno eléctrico y otro de combustión, generalmente de gasolina. Este último es el principal y el eléctrico ayuda en la primeras marchas. Estos coches son muy similares a los híbridos enchufables y un inconveniente a tener en cuenta es que la autonomía de la batería es muy larga. Como curiosidad, si pensamos que estos vehículos fueron desarrollados recientemente, estamos realmente equivocados, ya que en 1997 Toyota empezó a comercializar el modelo Prius de estas características.
- **Microhíbridos:** Adapta un pequeño sistema de asistencia eléctrica y la energía se almacena en una batería de 48V que luego se emplea para ayuda del motor de combustión, entre otras cosas. El inconveniente es que nunca va a poder circular sin el motor de combustión y la ventaja es que le resta esfuerzo a este. Ejemplo: Audi RS 6 Avant.

## COCHES ELÉCTRICOS E HÍBRIDOS: PROBLEMA O SOLUCIÓN?

VENTAJAS	
Eléctrico.	No son contaminantes a lo largo de su vida.
Eléctrico con autonomía restringida	No contaminan a no ser que enciendas el motor de combustión.
Eléctrico con batería de hidrógeno.	Al igual que los eléctricos no contaminan, sólo emiten H <sub>2</sub> O.
Híbrido enchufable.	Al terminarse la carga de la batería, no tendrás que esperar en una área de servicio a que cargue, sino que podrán funcionar con el vehículo de combustión (en algunos modelos el motor de combustión puede cargar la batería). La capacidad de la batería y el ahorro de combustible son puntos a tener en cuenta con respecto a los no enchufables.
Híbrido no enchufable.	La carga de la batería se hace con el motor térmico y con las frenadas regenerativas, por lo que no hay que enchufarlos.
Microhíbrido.	Menos consumo y menos contaminación que el motor convencional de combustión.



*Tesla Roadster*



*BMW i8*

# MULLERES SILENCIADAS

## ARTEMISIA GENTILESCHI

Artemisia Gentileschi, nacida en Roma a finais do século XVI, foi unha pintora barroca italiana. Comezou a formarse no taller do seu pai, Orazio Gentileschi, un dos grandes expoñentes da escola romana de Caravaggio. Do seu pai aprendería a técnica do debuxo e o forte naturalismo das obras de Caravaggio, co cal sería posteriormente comparada polo seu dinamismo, o tenebrismo e polas violentas escenas que ambos representan nas suas pinturas.

En 1610 firmou a súa primeira obra aos dezaseis anos de idade, atribuída primeiramente ao seu pai, *Susana y los viejos*. A diferenza do enfoque de outros autores a esta escena, Artemisia representou a Susana avergonzada pola atención. Dado o seu talento, o seu pai decide darlle un mentor privado, xa que o acceso a ensinanza das academias profesionais de Belas Artes eran exclusivamente masculinas. O mentor de Artemisia foi Agostino Tassi, o cal a violou en 1611. Este suceso marcaría a vida da pintora e varias das suas obras. Tassi, foi denunciado non so pola violación, senón porque tiña ideado matar a súa esposa (prometera casar con Artemisia) e roubar pinturas do pai de Artemisia. Logo deste suceso Artemisia casaría e instalárase en Florencia, onde tería un gran éxito, sendo a primeira muller en ingresar na *Accademia del Disegno* de Florencia e convertírase nunha exitosa pintora da corte.

Dentro das súas obras podemos destacar *Giuditta che decapita Oloferne* (Judith decapitando a Holofernes), considerada a súa obra maestra. Desta pintura podemos destacar en primeiro lugar a súa violencia, que se interpreta coma o seu desexo de vinganza contra a violación sufrida. Esta obra está baseada nun episodio do Antigo Testamento, no cal a heroína bíblica xunto a súa doncella, seduce e logo decapita a Holofernes, o xeneral do campo enemigo.

Logo da súa morte arredor da década de 1650, foi practicamente esquecida ata o século XX cando, grazas a varios artigos e investigacións sobre artistas femininas, fixéron rexurdir a súa figura e importancia, dándolle especial atención a opresión sufrida, que fixo que as artistas non tiveran recoñecemento, e aos rasgos feministas nas súas obras. As figuras protagonistas femininas da súa pintura teñen unha actitude de valentía resistíndose a ser controladas. Este é o caso de Judith, representándoa coma unha muller de mediana idade, forte, concentrada e que sabe o que fai.

Artemisia, por desgraza, é un dos moitos exemplos nos cales as mulleres foron esquecidas e non recoñecidas, non pola súa falta de talento, senón por ser silenciadas e apartadas por ser mulleres.



**Judith e Holofernes**

# EXPRESARTE

## Mangamanía



Sara Magariños Rodriguez  
4° ESO B

A ARTE QUITA O PÓ DA VIDA COTIÁ


# ESPAZO LITERARIO

*da tenda de souvenirs e da hipocrisía*

a violencia da convención  
da banalidade  
as súas palabras  
saber o que vai seguir  
a cada unha das sílabas  
a violencia da conversación  
da vacuidade  
non quedes fóra  
ou será sinalado  
aprende a ser parte  
da futilidade



André Gómez Santos  
*A cidade gris e a chegada das caléndulas* (2023).



o regato diáfano e salvaxe

oio os ecos dos chíos dos paxaros

xa están chegando

fico exhausto  
arrodado dun tránsito de monicreques

as paredes son de pedra  
e o teito é de pedra  
as paredes son de pedra  
e de humidades  
as paredes son de pedra  
e de sucidade


quizais teña que aceptar  
que o inverno é cruel e manca

André Gómez Santos  
*Aquela noite parecía eterna (a humedén percórreo todo)*  
(Edrar, 2023).



# FILOSOFANDO

## IV CERTAME FILOSÓFICO INTERCENTROS: Repensar o amor



O pasado día 7 de marzo celebramos no noso centro a entrega de premios do IV CERTAME FILOSÓFICO INTERCENTROS: repensar o amor. Parabéns ás gañadoras deste ano!

A gañadora da modalidade de ensaio en FP foi SARA IBÁÑEZ CARRERA. Este foi o seu traballo:

El amor, ese sentimiento tan antiguo como antiguo es el ser humano. Cada uno de nosotros tiene una definición diferente para expresar qué es el amor, tal es así que la Real Academia Española necesita 14 acepciones para poder mostrarnos una imagen -parcial- de lo que es este sentimiento.

Cada individuo experimenta un amor distinto hacia distintas personas, como puede ser, el amor a una madre o a un padre, el amor a un hijo, el amor a un amigo y, claro está, el amor de pareja.

Evidentemente, no queda claro lo que se debe entender por amor. Sin embargo, hay algo cierto, el amor es algo real, intangible, bondadoso y que no duele ni te hace daño. Por ese motivo, debemos rechazar todos aquellos mitos que defiendan un sentimiento de amor que vaya en contra de estas cuatro características fijas.

Zeus, Poseidón, Hades, Apolo, Artemisa o Atenea, estos son los nombres de los muchos dioses y diosas griegas, quienes actuando por y con “amor” cometieron numerosos delitos graves contra la intimidad y la dignidad humana.

Zeus, el Dios de los dioses del Olimpo, el que, siguiendo la literatura griega, es quien más actos criminales realiza, entre los que se encuentra, la privación ilegal de la libertad, las agresiones sexuales, las torturas y los asesinatos. Tal es así que incluso raptó y violó a la diosa que da nombre a nuestro continente, Europa, empleando todo tipo de artimañas para llegar a consumir el acto sexual sin consentimiento.



Poseidón, uno de los hermanos de Zeus y Dios de los mares, quien continuó las mismas conductas de su hermano, engañó y forzó a numerosas diosas, ninfas e, incluso, mujeres mortales.

Hades, el otro hermano de Zeus y Dios del inframundo, cometió estos mismos actos inhumanos, pero, además, obligó a Perséfone a ser su esposa a la fuerza; actuando en contra de la clara idea de amor.

Apolo, Dios de la belleza, la sabiduría, la perfección, el equilibrio, la música y un largo etcétera de atributos que no impiden que el segundo Dios más venerado en la antigua Grecia, por detrás de Zeus, sea etiquetado con la Ley en la mano como un asesino el cual ejercía múltiples conductas a favor de la violencia de género. Tal es así, que asesinó a Coronea, su amada, porque mantenía relaciones sexuales con un mortal de Tesalia.

La hermana gemela de Apolo también estaría manchada por cometer estas acciones. Artemisa, Diosa de la caza, ejecutaría, al igual que el resto de las diosas del Olimpo, estas conductas por venganza o envidia.

Como puede ser el caso, en el que mató y, posteriormente, descuartizó con la ayuda de sus perros a Acteón, quien la vio bañarse desnuda. Otro caso puede ser el asesinato de la ninfa Calisto, quien alcanzó este terrible final por orden de Hera, la esposa de Zeus, la cual demandaba este desenlace ya que, según cuentan los mitos, se dejó seducir por Zeus.

Aquí como siempre la culpa es de la seducida y no del seductor.

Y, finalmente, aunque no la única, Atenea, Diosa de la guerra, las artes, los oficios, la justicia y las habilidades, quien no quedó al margen de todas estas conductas detestables. Se destaca, principalmente, el mito de Medusa, la cual presentaba una enorme belleza que no pasó desapercibida para Poseidón, quien la violó en el templo de la Diosa de las armas.

El desarrollo de esta profanación dio lugar a que naciera en Atenea un gran sentimiento de venganza sobre Medusa, la víctima, y no sobre Poseidón, el violador; convirtiendo a Medusa en una horrible criatura con pelo de serpiente y condenándola a que todos aquellos que la vieran a los ojos se convertirían en estatuas. Obligando a Medusa a estar sola de por vida.

De nuevo, se culpabiliza a la figura femenina sobre las acciones del hombre.

Con todo, la mitología y sociedad griega sigue siendo una de las sociedades antiguas más estudiadas y de las que más se habla tomándola como un referente a tener en cuenta, es la misma que defiende el actuar bajo estos horribles actos con tal de preservar el amor hacia alguien. Esa que defiende que aquellas personas con una posición jerárquica elevada deban quedar impunes. Esa que defiende que los hombre, encarnados de dioses, ejecutan estos actos por querer mantener relaciones sexuales; mientras que las mujeres, encarnadas de diosas, realizan estas atrocidades por celos y envidia. Hubo una vez que mi profesora de filosofía nos comentó que los mitos eran una reflejo de la realidad que se vivía en ese momento y se contaba en forma de historia para que perdurase en nuestro tiempo.

Ahora yo me pregunto, ¿por qué se defiende en estos mitos un amor que duele, un amor irreal, un amor que no se puede sostener en la actualidad?

¿Por qué siguen tan vívidos estos mitos con decenas de mujeres asesinadas víctimas de violencia de género a manos de sus maridos? ¿Si se hubiera cambiado el mensaje continuaríamos con este falso amor que hiere y humilla a quien lo sufre?

**Sara Ibáñez Carrera**


**F.P. |**

**IV CERTAME FILOSÓFICO INTERCENTROS: Repensar o amor**  
**Gañadoras da modalidade de fotografía e lema:**




*O amor fai que sigamos bailando*

**ESO: MARÍA RODRÍGUEZ VÁZQUEZ**



*A beleza dos reencontros*

**FP: SARA IBÁÑEZ CARRERA**



*O amor é como un horizonte porque non ten fin*

**BACHARELATO: LAURA OTERO LÓPEZ**



## EL HOMBRE NO ES MÁS QUE UN HOMBRE

Puede que a nadie le apetezca escuchar esto y a mí me apetece menos tener que escribirlo. No ampara la pretensión de un posicionamiento a favor de nadie, porque en una guerra nadie gana. Trescientos años no serían suficientes para que pudiésemos determinar las palabras apropiadas, y aunque lo hiciéramos no constituirían ni una milésima parte de lo que se tendría que hacer por esta gente. Pero nuestros desasosiegos son otros ¿verdad? Y volcamos la rabia contra quién no tiene la culpa de nada.

Evidenciando el hecho de la irrefutable carencia de capacidad crítica por nuestra parte, no resultaría extraño escuchar una vez más “Sí, todo eso de la guerra de Gaza, tú ya me entiendes”. Que es lo que dice la gente cuando no entiende nada.

A modo de sugestión: en cierta película, un soldado, esclavo y héroe, tres conceptos que podrían llegar a contradecirse entre sí, dice la siguiente frase: “Padre bendito, vela por mi mujer y mi hijo, diles que mi único anhelo es volver a abrazarles, todo lo demás es polvo y aire”. Tres minutos más tarde encuentra sus cadáveres colgados de un poste. Y ojalá la guerra que todos conocemos se tratara de una película, pero resulta que en el presente miles de padres, tres minutos después de confiar, embisten contra la certeza de que no, de que no podrán volver abrazarles. Y mientras estas ausencias intentan enseñarles lo mucho que dependemos de la independencia (¿o tal vez no?) tratan de edulcorar los suspiros previos a la condena de echar de menos algo que nunca volverá, nunca.

Y es muy ingenuo acomodarnos detrás de nuestras corazas cubiertas de suerte, y nada más que suerte, y manifestarnos ante las tristezas presentes desde hace meses, como si fuésemos alguien para juzgar a quien no tiene nada cuando nosotros lo tenemos todo. Porque no es nuestra hija la que hemos visto semidesnuda en la parte trasera de una camioneta mientras otros sujetos totalmente ajenos a ella le escupían tras dispararle a sangre fría en la cabeza para después cortársela y entregarla como trofeo. Porque no son nuestros padres los que se lanzan al mar, aunque no sepan nadar, desesperados y adscritos a una incertidumbre que bien podría destrozarlo todo solo para que nosotros podamos comer. Porque son otros los que gritan y lloran y sufren mientras buscan el cuerpo de su bebé de dos meses entre docenas de cadáveres sin rostro, sin nombre, sin justicia.

¿Cómo se sentirán los que se equivocan, los que fallan y lo pierden todo en un segundo, en un respiro, en una lágrima, en una última risa? Quizá se pregunten por qué los vestigios resultantes de la condena del alma se convierten en las predicciones indiscutibles de la condena del cuerpo, maldiciendo la viceversa, y tratando de encontrar una mirada entre los últimos trozos de la verdad y la imposición, la misma que desprenden todos esos presagios contritos que se vuelcan sobre el colchón de una cama y que saben a perdón. Quizá se droguen de promesas para escapar de una realidad a la que le importa poco tu edad, tu culpa o tu inocencia, abstraídos en el recuerdo de la última vez que le vieron sonreír, de la última vez que le dijeron que le querían, que todo iba a salir bien aunque supieran que no era así. ¿Qué culpa tendrán ellos de que este mundo no lograra mantenerles a salvo?



Los seres humanos son circunstanciales y una guerra es un extremismo donde son sometidos y esclavizados. Por eso, muchos testigos que han presenciado esto, afirman que en dichas circunstancias los héroes por el día pueden ser violadores por la noche y el humor se vuelve tan amargo que la muerte es el peor de los chistes devolviéndote lo mejor de la risa.

32.975 personas asesinadas, entre las cuales se encuentran 14.500 niños, 9.560 mujeres y 600 soldados entrometidos en el conflicto, así como 500 trabajadores médicos y 100 periodistas, aproximadamente. A todo esto se le suman 75.577 heridos, un centenar de secuestrados y una treintena de niños muertos de desnutrición. Cada día 10 de ellos pierden las piernas en los bombardeos, y estos hechos solo transgreden la teoría de que su necesidad de protección es indiscutible y cualquier violación en su contra es injustificable, porque lo que duele no es la muerte, es la certeza de que te estás muriendo. Pero hoy en día nada nos estremece porque no somos nosotros los que estamos sufriendo.

Y claramente esto no va a cambiar nada, tan solo es un rescoldo de verdad tratando de eludir nuestra simpleza y estupidez, debido a las cuales nos olvidamos de dar las gracias por el simple hecho de estar vivos, de saber que alguien va a estar ahí si nos pegamos la hostia de la vida, para darnos la mano cuando el mundo sea cruel con nosotros, para no juzgar nuestras lágrimas... Es una suerte despertarte en un mundo donde puedes dar por hecho que mañana seguirás aquí.

Y a veces, nos negamos a aceptar la verdad porque duele. Pero eso no hace que deje de ser la verdad.

**Uxía Lavandeira Alejandro**  
**3° ESO B|**



# RETOS MATEMÁTICOS

Reto 1. Números imposibles. Intenta encontrar una explicación y averigua el último número.

$$3 + 1 = 24$$

$$5 + 2 = 37$$


$$7 + 2 = 59$$

$$8 + 1 = 79$$


$$7 + 5 = 212$$

$$15 + 3 = \text{¿?}$$

Reto 2. Cuadrados ocultos. Fíjate bien la figura y determina cuántos cuadrados hay en total.



Reto 3. Pirámide misteriosa. Encuentra una regla de formación y rellena los cuadrados con los números adecuados.



# A PEDRADA

## AGRADECEMENTOS

Grazas a **Paula Carreras Silva, Carlos Lozano González e Xosé Lois Gómez García** por dirixir, maquetar, corrixir e facer posible este proxecto.

Grazas ao **alumnado** que participou na realización dos números 7 e 8, correspondentes a este curso: Diego Pérez Pérez, Aitor Alonso Domínguez, Yoel Faro Domínguez, Pedro Piñeiro Estévez, Zoe García Álvarez, Noa García Álvarez, Noemí Martínez Araújo, Nayara Ayelén Martínez Bustamante, Diego Porto Galván, Jorge Fernández Fernández, Marta de Castro Sousa, Pablo Martínez Pérez, Xiana Fernández Menéndez, María Rodríguez Vázquez, Miguel Ángel Arce Ramón, Beatriz Míguez Hidalgo, Marouane Belaidi Oulhaj, Lucía del Rosario Llana González, Paula Revuelta Fernández, Florencia Triviños Balboa, Lucas Magariños Gayoso, Isaac García González, Yaiza Iglesias Alonso, Sara Magariños Rodríguez, Sara Ibáñez Carrera, María Rodríguez Vázquez, Laura Otero López e Uxía Lavandeira Alejandro.

Grazas tamén aos **departamentos** que participaron na realización desta edición así como á **Augateca** e ao **equipo directivo** por apoiar e fomentar a creación desta revista e darnos voz ao alumnado do Pedra da Auga.